

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Expte. Subvención 16/2021 Expte. Deputación 2021007414	Expte. Subvención 353/2021 Expte. Consellería Economía, Empresa e Innovación IN519B 2021/34-0	Expte. Actuación preparatorias contratos: 491/2021	Expte. Contratación: 2693/2021
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PIAS			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233222-1Traballos de pavimentación e asfaltado			
Prezo estimado: 93.773,55 €			IVE: 19.692,45 €
Orzamento base de licitación: 113.466,00 €			
Duración: 1 MES			
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención de crédito Nº OPERACIÓN	
2021.4590.60903	2021/0013	2021/EP/004888.	

Resultando que nos *expedientes de subvencions n.º 16/2021 e 353/2021*, consta o proxecto das obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**”, redactado polos enxeñeiros D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grandó Toro e que ascende a:

Execución material	78.801,31	
13% Gastos xerais	10.244,17	14.972,24
6% Beneficio industrial	4.728,07	
Valor estimado	93.773,55	
21% IVE	19.692,45	
Presuposto base de licitación	113.466,00	

Resultando que, no *expediente de subvención 353/2021*, consta o **informe de supervisión do proxecto**, emitido polo técnico municipal, en data 04/02/2021.

CUMPRIMENTO DO ARTIGO 235 LCSP as obras	
Afectan á seguridade, estabilidade e estanqueidade:	Non.
Necesitan a realización dun estudio xeotécnico:	Non.

VIABILIDADE PATRIMONIAL , considérase viable o proxecto, toda vez que os terreos necesarios para a execución das obras:	
Os viais do Polígono Industrial son de titularidade do Concello	Si
Necesidade recurrir á expropiación:	Non.
Disposición de terreos particulares ou alleos:	Non.

VIABILIDADE SECTORIAL . As obras a que se refire este proxecto están afectadas pola lexislación sectorial seguinte:
Deberá solicitarse autorización da Excm. Deputación de Pontevedra por atoparse dentro do ámbito de afección da estrada EP-9002.

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA:
Urbanisticamente os terreos afectados por esta obra dispoñen da clasificación de Urbano industrial e están regulados polas



Ordenanzas do vixente Plan Parcial do Polígono Industrial de Sete pías, do Concello de Cambados.

A obra cumpre coa normativa urbanística vixente neste término municipal conformada polas Normas Subsidiarias Municipais, así como pola lexislación sectorial aplicable neste caso, cumprindo coas tramitacións, usos, volumetría e condicións estéticas que estas propoñen, polo tanto se axustan a lexislación urbanística aplicable e conformada polas seguintes normas legais:

- 1.- Normas Subsidiarias Municipais aprobadas definitivamente pola Orde de 2 de marzo de 1.995, do Conselleiro de Política Territorial, publicadas no B.O.P. de Pontevedra de data 20 de Marzo de 1.995.
- 2.- Modificacións puntuais aprobadas polo Pleno municipal en sesións de data 29.12.1994, 11.03.1997 y 21.10.1997.
- 3.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- 4.- Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da anterior Lei, publicada no DOGA de 09.11.2.016

Resultando que, no expediente de actuacións preparatorias de contratos 491/2021, consta a autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Excm. Deputación de Pontevedra, para levar a cabo as obras no ámbito de afección da EP-9002

Resultando que, no expediente de subvención 353/2021, consta o Decreto de Alcaldía, 2021-0150, de data 04/02/2021, polo que se presta aprobación ao proxecto de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**”.

Resultando que, no expediente de subvención 16/2021, consta a acta de trazado previo, asinada en data 16/02/2021, polo arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares e polo enxeñeiros redactores do proxecto, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro.

Resultando que, nos expedientes de subvencións 16/2021 e 353/2021, constan as notificacións de concesións das axudas, outorgadas ao abeiro do **Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021)** da Excm. Deputación de Pontevedra e da **Orde do 18 de decembro de 2020**, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da CC.AA. da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para levar a cabo as obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**”, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público, aceptándose ámbalas axudas por Decreto de Alcaldía.

Desglose do investimento:

INVESTIMENTO TOTAL					
Investimento	Orzamento sen IVE	IVE 21% (*)	Orzamento total	Axuda 80%	Aportación Mnpal 20% (*)
OBRA	93.773,55	19.692,45	113.466,00	90.772,80	22.693,20
HONORARIOS REDACCIÓN	3.400,00	714,00	4.114,00	3.291,20	822,80
HONORARIOS DIRECCIÓN	2.000,00	420,00	2.420,00	1.936,00	484,00
TOTAIS	99.173,55	20.826,45	120.000,00	96.000,00	24.000,00

Observación (*): O IVE é subvencionable

Subvención outorgada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación:

Total investimento Ive engadido	Subvención outorgada 80%	Achega Fondos Municipais 20%
120.000,00	96.000,00	24.000,00



Subvención aceptada por Decreto de Alcaldía 2021-0694, de data 25/05/2021

Financiamento da achega municipal:

ORZAMENTO TOTAL	XUNTA DE GALICIA SUBVENCIÓN OUTORGADA	ACHEGA DO CONCELLO	
120.000,00	96.000,00	24.000,00 (*)	
(*) SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2021, COMO ACHEGA A O INVESTIMENTO. ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: DECRETO 2021-0639, 11/05/2021		Obra:	22.693,20
		Redacción proxecto:	822,80
		Honorarios dirección:	484,00
		TOTAL	24.000,00

Visto que, no *expediente de contratación* 2693/2021, consta o informe emitido polo técnico municipal, en data 09/06/2021, relativo á **non división en lotes** do obxecto do contrato, de conformidade co disposto no artigo 99.3 da LCSP.

Resultando que, no *expediente de contratación* 2693/2021, consta a Memoria xustificativa do órgano de contratación da necesidade do contrato, asinada en data 09/06/2021.

Resultando que, no *expediente de contratación* 2693/2021, consta a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente, na partida orzamentaria 2021.4590.60903 e de retención (2021/EP/004888), de data 10/06/2021.

Resultando que, no *expediente de contratación* 2693/2021, consta o anexo de definición de melloras que deberá ser aprobado por esta Alcaldía.

Visto o informe xurídico da Secretaría, relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 15/06/2021.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 16/06/2021.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao anexo de melloras das obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**” e que forma parte do expediente.

SEGUNDO.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**” e que forma parte do expediente.

TERCEIRO.- Aprobar o *expediente de contratación* nº 2693/2021, tramitado para a



adxudicación por **procedemento aberto simplificado** das obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**”.

CUARTO.- Autoriza-lo gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención de crédito N° operación	Importe
2021.4590.60903	2021/0013	2021/EP/004888.	113.466,00 €

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdeg Galicia.gal>) e insertar a documentación correspondente na ferramenta SILEX da Consellería de Facenda (<https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE Internet/>), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

SEXTO.- A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

SÉTIMO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

